



ACTA Nº. 8/2011
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 23 DE XUÑO
DE 2011

ORDE DO DÍA

- I.- ACTA ANTERIOR
- II.- COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS
- III.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
- IV.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. ADSCRIPCIÓN DE CONCELLEIROS/AS ÁS MESMAS
- V.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES:
 - V.1.- NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DO VAL MIÑOR
 - V.2.- NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO
- VI.- DETERMINACIÓN E RETRIBUCIÓNS DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL. INDEMNIZACIÓNS, ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓN AOS GRUPOS. NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL DERROGACION DAS BASES DE EXECUCION DO ORZAMENTO NUMS. 33º, 34º E PARCIAL DA NUM. 35º.
- VII.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTE DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- PSOE:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorroto
- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.^a M.^a José Pino Fernández

- Mixto

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte
- D.^a M.^a Dolores Martínez Losada
- D.^a Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas

- D. Javier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* xoves, 23 de xuño de 2011.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* extraordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 12:00.
- *Hora de remate:* 13:58.
- *Número legal de membros da Corporación:* 17.
- *Número de membros de asistentes no momento da constitución:* 17.
- *Membros non asistentes:* Ningún.

Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Ningunha.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

I

ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión constitutiva da Corporación celebrada o 11 de xuño de 2011.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á referida acta, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Sometida á votación resulta aprobada co voto favorable dos dezasete integrantes da Corporación.

II.- COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

Segundo dispón o art. 75 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e ao art. 25 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e portavoces, o Presidente dará conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre despois de cumprirse o prazo previsto nas citadas disposicións.

O Sr. Alcalde informa dos escritos presentados, relativos á constitución dos diferentes grupos. O grupo Popular quedaría constituído con nove integrante e o Socialista con seis. No que se refire ao BNG e a UCN-CDL, cun escano cada un, sinala a Presidencia que, segundo



establece a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, integraranse, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de dous escanos, polo que procede que os dous Concelleiros citados pasen a integrar o grupo Mixto.

Deliberación. Síntese das demais intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña: Fronte ao número mínimo de Concelleiros sinalado pola Lei galega debería prevalecer a estatal que non establece tal limitación, o que daría maior participación aos minoritarios. Isto non supón ningún prexuízo e así se admitiu nalgún Concello da Provincia, favorecendo precisamente ao partido popular.

Sr. Alcalde-Presidente: Aquí só se trata de cumprir a normativa vixente en Galicia. As posibilidades de participación non se eliminan, senón que pasan pola formalización do grupo mixto.

Sr. Fernández Comesaña: O ROF tampouco establece ningunha limitación. Ademais no expediente non hai ningún informe xurídico sobre esta cuestión. Polo que se ve, a Presidencia non dá a máis mínima concesión.

Sr. Alcalde-Presidente: Deberían presentar as portavocías para o grupo mixto.

D. Javier Rodríguez Fernández: Se a decisión é a de que hai que constituír o grupo mixto, postúlase como Portavoz.

Sr. Fernández Comesaña: Limitada a liberdade na constitución dos grupos, non lle queda outra solución que asumir a portavocía suplente.

Sr. Alcalde-Presidente: A lei non a marca o Alcalde.

Grupos políticos municipais constituídos.

Denominación	Membros	Voceiro/as
Grupo Popular	- D. Alberto Valverde Pérez - D. Alberto García Pazos - D. ^a Liliana Silva Pequeño - D. Ignacio Vilas González - D. ^a Ana Rosa Costas Abalde - D. José Álvarez Valverde - D. ^a M. ^a Carmen Alonso Macías Jorroto - D. ^a Rosa Rodríguez Rodríguez - D. ^a M. ^a José Pino Fernández	Titular 2º 3ª 4º 5ª 6º 7ª 8ª 9ª
Grupo Socialista	- D. Juan Antonio González Pérez - D. ^a M. ^a Dolores Araujo Duarte	Titular 2ª

	- D. ^a M. ^a Dolores Martínez Losada	3 ^a
	- D. ^a Rosa Manuela Vilán Costas	4 ^a
	- D. Rubén Rial Sánchez	5 ^o
	- D. Manuel Doldán Costas	6 ^a
Grupo Mixto	- D. Javier Rodríguez Fernández	Titular
	- D. Antonio Fernández Comesaña	2 ^o

III.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Expte: 2011/025S

Proposta da Alcaldía

A) SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DO CONCELLO.

Marco normativo.

O art. 78 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, establece que son sesións ordinarias aquelas con periodicidade preestablecida. Esta periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria, que convocará o Alcalde dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación.

Pola súa parte o art. 47 do Real Decreto Lexislativo n.º 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido do Réxime Local, determina que as Corporacións locais poderán establecer elas mesmas o seu réxime de sesións e que os días das reunións ordinarias serán fixados previamente por acordo da Corporación.

O art. 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción que lle deu a Lei 11/1999, do 21 de abril, establece que o Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada dous meses nos municipios cunha poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes.

Proposta.

Establecer o seguinte réxime de celebración das sesións ordinarias:

- Periodicidade mensual, excepto o mes de agosto, no que non se celebrará sesión ordinaria.
- Días: O último xoves de cada mes. No mes de decembro celebrarase o xoves da semana anterior á de Nadal.
- Hora: As 10,00 horas da mañá.

Con carácter xeral cando o día inicialmente previsto coincida en festivo adiantarase ao



día hábil inmediato anterior. Excepcionalmente, mediante resolución motivada e previa consulta cos portavoces dos distintos grupos, a presidencia poderá convocar a correspondente sesión ordinaria para data distinta da agora establecida, sen que en ningún caso poida anticiparse ou demorarse a súa celebración en máis de sete días naturais respecto da data prevista.

B) SESIÓN ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Marco normativo.

O art. 112 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, establece que se o regulamento orgánico non prevé outra cousa a Xunta de Goberno local de Goberno celebrará sesión ordinaria cada 15 días como mínimo. Pola súa parte, o art. 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, determina que a Comisión de Goberno para exercer as súas competencias resolutorias terá sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación, e para o exercicio das súas funcións de asistencia, reunirse cando o presidente da Corporación o determine. Correspóndelle ó Alcalde fixar, mediante Decreto o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria, segundo o previsto no mencionado art. 112 do Regulamento de Organización.

Proposta.

A Xunta de Goberno local celebrará as súas sesións ordinarias, no caso de que existan asuntos para someter á súa consideración, con periodicidade semanal, nos días e horas que determine a Alcaldía.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Resume as propostas, facendo referencia ás periodicidades respectivas. Nos plenos mantense a que xa estaba establecida, aínda que, legalmente podería ser bimensual. Cámbiase o día, o último xoves de cada mes, e a hora, que, por razóns de funcionalidade e de aforro, pasaría a ser a das dez da mañá, coincidindo co funcionamento da administración. E poden ter incluso unha maior repercusión mediática. Non se cambia nada no relativo ás xuntas de goberno.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Esgrimir cuestións económicas no é serio. Volvemos a épocas que queremos esquecer. De feito hoxe xa se observa que hai menos público asistente e aínda haberá menos cando sexan ás dez da mañá. Votarán en contra pola importancia que lle dan á participación cidadá. No relativo á xunta de goberno, séguese o réxime do goberno anterior. Curiosamente, a estas asistencias de membros do goberno non se lle aplican recortes económicos, en contraste co que se pretende facer cos membros da oposición. Tamén se podería reducir o número das sesións desta xunta.

D. Javier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Votará en contra pola cuestión do horario dos plenos. Aínda non sendo moi partidario do horario das oito da tarde, pola dificultade de conciliación coa vida familiar. Pero de aí a facelas ás dez da mañá hai moita diferenza. Poderían seguir sendo de tarde a unha hora máis temperá, pero nunca pola mañá.

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Chama a atención este cambio de horario dos plenos, sobre todo porque na anterior lexislatura o actual Alcalde era partidario do horario de tarde, para favorecer a participación. Debería xustificar este cambio de criterio.

Sr. Alcalde-Presidente: Ao portavoz socialista dille que unha das razóns é a de que o Concello funcione, e que os órganos correspondentes actúen dentro do horario da propia administración e dos seus funcionarios. Sobre os aspectos económicos, o funcionamento dos órganos municipais suporá un custo menor. Pensa que non se volve atrás nin se limita a participación veciñal. O goberno será claro e transparente. Ao Sr. Fernández Comesaña indícalle que o rectificar tamén e de sabios. A experiencia dos plenos ás oito da tarde tamén evidencia unha participación que non é moi diferente da que hoxe se pode apreciar aquí.

Sr. González Pérez: Seguen pensando que os plenos pola tarde abren máis a participación aos veciños e que isto supón un retroceso.

Sr. Fernández Comesaña: Non está de acordo coa mellora da funcionalidade, xa que os funcionarios mentres están aquí non fan outra cousa. No relativo á economía o argumento do aforro non vale. Póde que se aforre nuns capítulos, pero non noutros, como é o caso da xunta de goberno. Pensa que as sesións desta deberían limitarse a catro ao mes, incluídas as extraordinarias, para evitar que a situación económica se desnivele.

Sr. Alcalde-Presidente: Non hai problema para asumir esa limitación, pola súa repercusión económica. De feito vaise constituir a Xunta de Goberno e non ha inconveniente para establecer a limitación. Este goberno vai demostrar que non ven a enriquecerse.

Sr. Secretario Xeral: Entende que se debe aclarar que a xunta de goberno por determinadas circunstancias pode ter que reunirse máis de catro veces ao mes, con independencia de que no apartado de pago de asistencias se poida establecer a correspondente limitación no número das retribuídas.

Sr. Alcalde-Presidente: Non hai ningunha intencionalidade distinta á que se reflicte na proposta.

Votacións e acordos:

A) Sesións ordinarias do Pleno do Concello.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.
- Votos en contra: 8; PSOE e grupo Mixto
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Alcaldía sobre a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno do Concello.

b) Sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.



- Votos en contra: 6; PSOE.
- Abstencións: 2; grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Alcaldía sobre a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

IV.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. ADSCRIPCIÓN DE CONCELLEIROS ÁS MESMAS.

Expte: 2011/025S

Proposta da Alcaldía

Marco normativo

O art. 125 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, establece que no acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

- a) O Alcalde é o Presidente nato de todas elas; sen embargo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, á proposta da propia Comisión, tra-la correspondente elección efectuada no seu seo.
- b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.
- c) A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Voceiro do mesmo dirixido ó Alcalde, do que se dará conta ó Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.

Por outra parte o art. 127 do citado Regulamento determina o seguinte:

1. A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o art. 116 de la Lei 7/1985, do 2 de abril, e a súa constitución, composición, integración e funcionamento axústase ó establecido para as demais Comisións Informativas.
2. Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudio e informe de tódalas contas, presupostarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de conformidade co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das Entidades Locais.
3. Ben sexa a través do Regulamento Orgánico ou mediante acordo adoptado

polo Pleno da Corporación, a Comisión Especial de Contas poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á economía e facenda da Entidade.

O art. 134 do repetido Regulamento de Organización dispón que as Comisións Informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno no momento de constituilas, nos días e horas que estableza o Alcalde, ou o seu respectivo Presidente.

Proposta.

A.- CREACIÓN.

Propónse a creación das seguintes Comisións informativas permanentes:

1.- **Comisión Especial de Contas**, que actuará tamén como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á economía e á facenda municipal.

2.- **Comisión de Urbanismo**, que se ocupará dos asuntos relativos ó planeamento, xestión e disciplina urbanística, e demais cuestións relativas ó Réxime do Solo e a Ordenación Urbana.

3.- **Comisión de Asuntos Xerais**, que dictaminará as cuestións que non correspondan ó ámbito das demais Comisións.

B.- COMPOSICIÓN.

As Comisións informativas, presididas polo Alcalde, e na súa ausencia polo tenente de alcalde, estarán integradas, ademais, por oito Concelleiros, distribuídos da seguinte forma:

<u>Grupo político</u>	<u>N.º. Membros</u>
Grupo Popular	4
Grupo Socialista	3
Mixto	1

C.- FUNCIONAMENTO.

Sesións Ordinarias.- As Comisións Informativas celebrarán as sesións ordinarias con idéntica periodicidade á establecida para as sesións ordinarias do Pleno do Concello e coa antelación suficiente para que os asuntos dictaminados polas comisións poidan incluírse na Orde do Día das referidas sesións plenarias.

- A Comisión ordinaria Especial de Contas celebrará as sesións ordinarias con oito días naturais de antelación á celebración do pleno ordinario ás 13:30 horas.

- A Comisión ordinaria de Urbanismo celebrará as sesións ordinarias con sete días



naturais de antelación á celebración do pleno ordinario ás 13:00 horas.

- A Comisión ordinaria de Asuntos Xerais celebrará as sesións ordinarias con sete días naturais de antelación á celebración do pleno ordinario ás 13:30 horas.

No caso de que polos asuntos a tratar no correspondente pleno ordinario non fora necesario convocar no mesmo día as Comisións de Urbanismo e de Asuntos Xerais, a sesión ordinaria da única comisión informativa a celebrar convocaríase ás 13:30 horas.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Resume a proposta. Mantense o mesmo esquema das tres comisións existentes. Explica a distribución de membros entre os distintos grupos, que se propón, así como as datas e horas das sesións ordinarias. E no tocante a adscrición, o seu grupo pasarlle ao Secretario a relación correspondente. Na composición séguese a proporción dos resultados electorais.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: O grupo Socialista está de acordo e votará a favor.

D. Javier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Non están de acordo coa composición. Deixa fóra a unha das dúas organizacións políticas que integran o grupo mixto. Isto non concorda co principio de pluralismo político, e impide a unha organización política coñecer dos asuntos que se someten ao pleno, ata case o momento da celebración deste. Ningún precepto impón que isto sexa así. A Lei da Administración Local de Galicia permite que a participación nas comisións sexa proporcional o igualitaria, prevendo para este último caso o voto ponderado. Propón que se faga con dous membros por grupo, con voto ponderado, ou proporcionalmente, elevando a dous os partícipes do grupo mixto, incrementando nun membro a representación do PP, para que sega mantendo a maioría absoluta.

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Coa proposta limitase a participación dos grupos. Isto non concorda coa oferta de participación feita polo Alcalde. Pide que se contemple no caso do grupo mixto a participación nas comisións dos dous grupos que o compoñen. Pensa que a proposta do seu compañeiro de grupo é a razoable.

Sr. Alcalde-Presidente: Todos os grupos estarán proporcionalmente representados nos termos previstos na normativa autonómica. Non é unha decisión da Alcaldía. Un incremento no número de membros tamén tería unha repercusión económica negativa.

Sr. Rodríguez Fernández: Non hai ningunha obrigaición de facelo así. O argumento económico cáese no caso de que todos os grupos estean representados por dous membros con voto ponderado. Trátase dunha decisión que obedece a unha opción.

Sr. Fernández Comesaña: A vía da proporcionalidade suporía un aforro económico, pero elíxese a opción de amordazar á oposición. Na anterior lexislatura o Alcalde era partidario de que se elevasen a dez os integrantes das comisións. Pois iso é o que agora lle propoñen. Reclaman o seu dereito a ser escoitados.

Sr. Alcalde-Presidente: Non se despreza a ninguén. Todos os grupos estarán representados. Esa é a realidade saída das urnas. Os integrantes do grupo mixto teñen facer un esforzo engadido para entenderse e levar ás comisións a vontade dos seus representados. Manteñen a proposta.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP e PSOE.
- Votos en contra: 2; grupo Mixto
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Alcaldía sobre a creación, composición e funcionamento das Comisións Informativas.

D.- ADSCRIPCIÓN DE CONCELLEIROS ÁS COMISIÓNS.

Corresponde a cada grupo sinalar de entre os seus membros aos que deban formar parte das respectivas Comisións Informativas.

O grupo Popular entrega a seguinte nota cos seus respectivos representantes en cada unha das Comisións Informativas, e os demais comunicarano posteriormente.


1.- Comisión Especial de Contas:

Grupo	Titulares	Suplentes
PP	D. Alberto García Pazos D ^a . M ^a José Pino Fernández D ^a . Rosa Rodríguez Rodríguez D ^a . Ana Rosa Costas Abalde	D. Ignacio Vilas González D ^a . Liliana Silva Pequeño D. José Álvarez Valverde D ^a . M ^a . del Carmen Alonso-Macías Jorroto

2.- Comisión de Urbanismo:

Grupo	Titulares	Suplentes
PP	D. Alberto García Pazos D. Ignacio Vilas González D ^a . Rosa Rodríguez Rodríguez D ^a . Ana Rosa Costas Abalde	D ^a . M ^a . José Pino Fernández D ^a . Liliana Silva Pequeño D. José Álvarez Valverde D ^a . M ^a . del Carmen Alonso-Macías Jorroto

3.- Comisión de Asuntos Xerais:



Grupo	Titulares	Suplentes
PP	D. Alberto García Pazos D ^a . M ^a . José Pino Fernández D ^a . Rosa Rodríguez Rodríguez D ^a . Ana Rosa Costas Abalde	D ^a . Liliana Silva Pequeño D. José Álvarez Valverde D ^a . M ^a . Del Carmen Alonso-Macías Jorroto D. Ignacio Vilas González

V.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES: V.1.- NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DO VAL MIÑOR. V.2.- NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

V.1.- NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DO VAL MIÑOR

Expte: 2011/025S

Proposta da Alcaldía:

Os Estatutos da Mancomunidade de Municipios do Val Miñor aprobados polo Pleno do Concello na sesión do 18 de decembro de 1992, establecen, no seu Artigo 9, o seguinte:

Xunta da Mancomunidade: É o órgano supremo de goberno e administración da Mancomunidade, á que personifica co carácter de Corporación de dereito público.

Cada Municipio estará representado na Xunta da Mancomunidade polo seu Alcalde, con carácter nato, e ademais, por catro Concelleiros, designados polo Pleno de cada Concello entre os seus membros.

Os Concelleiros representantes dos Concellos na Xunta da Mancomunidade cesarán no seu mandato pola perda da súa condición representativa ou cando sexan substituídos, polo Concello ó que representen.

Constituída Corporación municipal tralas eleccións locais do 22 de maio procede nomear novos representantes na citada entidade, polo que se propón ó Pleno que adopte o seguinte **ACORDO**:

Que o Concello de Nigrán estea representado na Xunta da Mancomunidade do Val Miñor polo Alcalde e por catro Concelleiros, propostos polos respectivos grupos, do seguinte xeito:

- Dous Concelleiros pertencentes ao grupo Popular.

- Dous Concelleiros pertencentes aos grupos Socialista e/ou Mixto.

V.2.- NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Expte: 2011/025S

Proposta da Alcaldía:

O Concello de Nigrán é membro da Mancomunidade área intermunicipal de Vigo, na que se integrou por acordo plenario do 24-11-1995 no que tamén designou os seus representantes na mesma. Constituída Corporación municipal tra-las eleccións locais do 22 de maio, e de conformidade co previsto nos Estatutos da citada Mancomunidade, procede nomear novos representantes na citada entidade, polo que se propón ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Que o Concello de Nigrán estea representado no Xunta da Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo polo Alcalde e por tres Concelleiros, propostos polos respectivos grupos, do seguinte xeito:

- Un Concelleiro pertencente ao grupo Popular.
- Un Concelleiro pertencente ao grupo Socialista.
- Un Concelleiro pertencente ao grupo Mixto.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Resume as propostas. Na do Miñor, aplicando a proporcionalidade, corresponden dous representantes ao grupo popular e dous ao socialista e mixto e haberá que determinar como se fai o reparto entre estes dous grupos. No caso da de Vigo, seguindo o mesmo criterio, a proposta é de un representante para cada grupo.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: O resultado das eleccións determina tamén esta representatividade. Deste xeito na do Miñor corresponden dous ao partido Popular e dous ao Socialista. Se o partido Popular, que tamén ten alí ao Alcalde, quere ter un xesto co grupo mixto pódelle ceder un dos seus postos, e seguirá tendo maioría absoluta naquel pleno. Así se acreditaría o novo talante do partido Popular, aínda que de non ser así o grupo socialista está disposto a ceder ao mixto un dos seus postos.

D. Javier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Manifesta o interese do grupo mixto en estar representado na mancomunidade do Miñor. Esperaba un xesto de xenerosidade por parte dos demais grupos. O PP non perdería a maioría absoluta. Se é por parte do PSOE agradécello. Deste xeito todos os grupos estarán alí representados.

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: É de agradecer a postura do grupo socialista, aínda que o partido Popular podería ceder un, porque tamén ten ao Alcalde.

Sr. Alcalde-Presidente: O que se trata é de trasladar a estes órganos a realidade municipal. Se se quere manter a proporcionalidade ese posto ten que saír dos do partido Socialista. Non hai nada antidemocrático nisto. Manteñen a proposta.



Sr. González Pérez: A proporcionalidade tamén lle da dous ao grupo socialista. Do que estamos falando é da xenerosidade do grupo maioritario. Se non a teñen, teráa o grupo socialista.

Sr. Fernández Comesaña: Hai pouca xenerosidade po parte do grupo de goberno, ao contrario do que fixo noutros momentos o partido Popular.

Votación e acordo sobre as propostas.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello **acorda:**

A) Que o Concello de Nigrán estea representado na Xunta da Mancomunidade do Val Miñor polo Alcalde e por catro Concelleiros, propostos polos respectivos grupos, do seguinte xeito:

- Dous Concelleiros pertencentes ao grupo Popular.
- Un Concelleiro pertencente ao grupos Socialista.
- Un Concelleiro pertencente ao grupo Mixto.

En nota entregada polo grupo Popular sinálanse os seus representantes:

- D^a. Liliana Silva Pequeño (PP)
- D. José Álvarez Valverde (PP)

B) Que o Concello de Nigrán estea representado na Xunta da Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo polo Alcalde e por tres Concelleiros, propostos polos respectivos grupos, do seguinte xeito:

- Un Concelleiro pertencente ao grupo Popular.
- Un Concelleiro pertencente ao grupo Socialista.
- Un Concelleiro pertencente ao grupo Mixto.

En nota entregada polo grupo Popular sinálase o seu representante:

- D. Ignacio Vilas González (PP)

VI.- DETERMINACIÓN E RETRIBUCIÓNS DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL. INDEMNIZACIÓNS, ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓN AOS GRUPOS. NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL DERROGACION DAS BASES DE EXECUCION DO ORZAMENTO NUMS. 33^a, 34^a E PARCIAL DA NUM. 35^a.

Expte: 2011/025S

Proposta da Alcaldía.

A Alcaldía propón ao Pleno que aprobe o seguinte:

A) DETERMINACIÓN E RETRIBUCIÓNS DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL.

A.1. Dedicacións exclusivas.

1. Titular da Alcaldía. Retribución íntegra anual: 45.000 euros.
2. Titular da Concellería Delegada de Turismo Cultura e Deporte. Retribución íntegra anual: 32.000 euros.
3. Titular da Concellería Delegada de Vías e Obras, Servizos Urbáns e Relacións Veciñais: 32.000 euros.

A.2. Dedicacións parciais.

1. Titular da Primeira Tenencia de Alcaldía e da Concellería Delegada de Urbanismo e Medio Ambiente. Retribución íntegra anual: 22.000 euros.
2. Titular da Concellería Delegada de Benestar Social e Sanidade. Retribución íntegra anual: 16.000 euros.

A.3. Réxime.

As referidas retribucións anuais distribuiranse en catorce mensualidades iguais, doce ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

A dedicación exclusiva implica unha dedicación preferente á xestión municipal, con un equivalente de horas anuais ás que dedican os funcionarios do Concello.

A dedicación parcial supón unha dedicación á xestión municipal equivalente de alomenos a metade da dedicación exclusiva.

Os membros da Corporación con dedicación cotizarán á Seguridade Social pola xornada completa no caso de dedicación exclusiva, e por media xornada no caso de dedicación parcial.

Estes corporativos terán dereito a percibir as indemnizacións por razón do servizo, pero non percibirán indemnización por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados do Concello de Nigrán.

B) INDEMNIZACIÓNS, ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E



ASISGANCIÓN AOS GRUPOS.

B.1. Indemnizacións.

Aplicarase o réxime previsto no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, e as contías correspondes ao grupo 2.

B.2. Asistencias

Por asistencia efectiva a cada unha das sesións ou reunións deliberantes que celebren os órganos colexiados do Concello, os Concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes cantidades:

- Plenos do Concello.....250 euros.
- Xunta de Goberno Local...150 euros.
- Comisións Informativas.....125 euros.

B.3. Asignación para os grupos políticos.

De acordo co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asígnase unha dotación económica aos grupos políticos municipais, que se librará mensualmente, nos seguintes termos e contías:

- Unha parte fixa por importe de 200 euros/mes para cada un dos grupos políticos municipais.
- Unha compoñente variable, en función do número de membros de cada grupo, por importe de 50 euros/mes por cada concelleiro do respectivo grupo.

Esta asignación non se pode destinar ao aboamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, nin á merca de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que éste o pida.

C) NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL.

Os postos de traballo a desempeñar por persoal eventual de confianza serán os seguintes, coas características e retribucións que asimesmo se indican:

1. Secretaría particular da Alcaldía. Xornada completa. Retribución íntegra anual de 24.000 euros.
2. Secretaría particular das Concellerías Delegadas. Media Xornada. Retribución bruta anual de 12.000 euros.

Estas retribucións distribuiranse en 14 mensualidades iguais, 12 ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

D) DERROGACION DAS BASES DE EXECUCION DO ORZAMENTO NUMS. 33ª, 34ª E PARCIAL DA 35ª.

Derrogar, a través do procedemento correspondente, ás Bases de execución 33ª (*persoal eventual*), 34ª (*retribucións dos membros corporativos*) e os apartados "A" (*dos cargos electivos*), Subapartados A.1. (*asistencias*), A.2. (*asignación para os grupos políticos*) e A.3. (*indemnizacións por razón do servizo*), da base de execución 35ª (*Axudas de custo e indemnizacións especiais*) do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2009 actualmente prorrogado.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Refírese aos cargos con dedicación. Mantéñense as tres exclusivas que había. Dedicacións parciais, tamén se manteñen as dúas existentes. Dálle lectura as respectivas retribucións que constan na proposta. O réxime é o que figura na proposta. As indemnizacións rexeranse pola normativa aplicable aos funcionarios. Refírese aos importes das asistencias que se indican na proposta. Nas asignacións aos grupos establécense os importes fixos e variables. No tocante ao persoal eventual prevense dúas secretarías particulares, como ata o de agora, unha da Alcaldía, con xornada completa, e outra con media xornada e retribución de 12.000 euros anuais, da que se corrixe a súa denominación para acomodala á que figura no cadro de persoal, polo que pasa a denominarse Secretaría particular da Tenencia de Alcaldía, de forma que non haxa que modificar o referido cadro. Nas asistencias a órganos colexiados e dedicacións prodúcese un aforro sobre a situación precedente. Mantense a retribución do Alcalde. As dedicacións exclusivas pasan de 36.000 a 32.000 euros, e as parciais de 18.000 pasan a 16.000. A Tenencia de Alcaldía ten a mesma consignación de 6.000 euros. O aforro no funcionamento dos órganos de goberno será de 16.500 euros ao ano. No caso dos grupos aforraranse 12.000 euros ao ano. E nas dedicacións, 18.000 euros. En total, uns 46.500 euros de aforro ao ano, en relación ao custo do goberno bipartito.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Discrepan do sinalado polo Alcalde. A promesa de apertarse o cinto no afecta ao Alcalde, a pesar da crise, que percibirá máis de medio millón de pesetas ao mes. Deste xeito será o primeiro en saír da crise, porque, ademais, formará parte do goberno da Deputación. Nesta circunstancias isto non será fácil de comprender. Tamén prometeu unha rebaixa sustancial dos gastos do goberno con relación aos do partido Socialista. E isto non é así. O goberno socialista supuña un gasto de 145.000 euros e o do PP é de 183.000 euros. É un incremento do 26 por 100. Incrementan 28.000 euros as dedicacións exclusivas en relación coas do PSOE. As parciais soben 4.000 euros anuais. No das secretarías particulares, recorda o que o actual Alcalde en 2007 se mostraba sorprendido, porque se prevían dúas e preguntábase se tiñamos un Alcalde ou dous. A mesma pregunta pódese facer agora. Hai que ser menos contradictorio. Isto supón 8.000 euros máis que co PSOE. A contención do gasto non é real, salvo nas que afectan á oposición. Onde só participa o goberno, non se rebaixa nada. Así na Xunta de Goberno, que nin rebaixa a periodicidade, nin a asignación. Non se opoñen as rebaixas que afectan á oposición, pero chámalles a



atención que o goberno non diga a verdade sobre isto. Resúltalle chocante que despois da aposta do Alcalde polo emprego, o concelleiro desta materia non teña dedicación algunha, e o de vías e obras, en cambio, teña dedicación exclusiva. Por outra parte, este expediente, basicamente económico, cabía esperar que fose amparado polo informe do departamento correspondente. E iso non foi así. Os servizos económicos non sabían nada deste expediente ao tempo da convocatoria. O informe posteriormente emitido así o manifesta, sinalando tamén, entre outros aspectos, a ausencia de informe xurídico ou a falta de motivación. Este tipo de informes foron os cabalos de batalla do grupo popular, e do seu concelleiro de facenda, nos últimos catro anos. E no primeiro pleno xa pasan por alto un informe tan contundente e desfavorable, salvo unhas correccións no caso dunha secretaría particular. Ademais, o persoal eventual xa ocupa despacho e está traballando antes do pleno. Desde o día seguinte ao nomeamento do Alcalde, as notas de prensa de Concello remítense por unha persoa que asina como departamento de comunicación do Concello de Nigrán. Xa dirá o Alcalde en que consiste, quen dirixe ese departamento, canto cobra ou como foi seleccionada esa persoa. O goberno non empeza ben e o partido Socialista vai votar en contra.

D. Javier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Non quere ser atrevido e vir ao Pleno con informes que non pode estudar por falta de tempo. Se algo require informe, débese tramitar con tempo. A título de exemplo quere chamar a atención sobre a proposta tramposa de asignacións aos grupos. Xa se explicou que o goberno centra a rebaixa nas asignacións da oposición. Isto reflíctese tamén nas asignacións aos grupos, nas que a rebaixa non afecta as dos Concelleiros. A el a actividade política cústalle cartos. Aquí non se discute que a proposta sexa democrática, senón a intencionalidade dela. Se do que se trata é de aforrar, propón que non se faga a costa da asignación dos grupos, senón da dos Concelleiros. Votarán en contra da proposta.

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Non pretenden facer demagogia co tema das retribucións. O cargo político debese retribuír adecuadamente. É consciente da crise, e de que todos se apertan o cinto, menos o Alcalde, que incluso incrementa as súas retribucións, xa que deixa sen efecto a rebaixa acordada polo Pleno seguindo as recomendacións da Federación de Municipios. O mesmo se pode dicir das Xunta de Goberno, que, con independencia das que se celebren, non deberían retribuírse máis de catro ao mes. É moi grave que o informe do Interventor non estivese no expediente desde o momento no que os concelleiros accederon á documentación do pleno. A el entregóuselle onte e ao concelleiro do BNG, hoxe. Os reparos implican a suspensión do expediente. Por iso pide que o asunto quede sobre a mesa e que se corrixan os erros que se detectan. Así, non se xustifican as dedicacións, nin as diferenzas entre elas. Ademais sinala o Interventor a inseguridade xurídica pola falta de informe xurídico, de secretaría e da dependencia. O Alcalde non fai nada para corrixir a situación que antes criticaba. Incluso a situación se agrava, porque polo menos antes tiñan o informe de Intervención desde o primeiro momento. No sabe se a corrección pretendida nunha das secretarías particulares é unha pequena trampa que se quere colar, na que se cambia o nome pero non se sabe se cambian tamén as funcións. O informe tamén dicía que o que se pretendía obrigaría a unha modificación orzamentaria e a aprazar o nomeamento ata o remate dese procedemento. O Alcalde comeza con mal pé e non cumpre o prometido. Á vista do informe da intervención pide que asunto quede sobre a mesa e que se corrixan os defectos, dadas as responsabilidades que se indican no propio informe. O aforro conséguese á costa da oposición. Os gastos do bipartito víronse reducidos despois da ruptura do pacto, e sobre estes últimos custes os do actual goberno supoñen un incremento superior ao 38 por 100.

Sr. Alcalde-Presidente: As cifras que manexa o Sr. Fernández Comesaña non son correctas. Hai catro anos formouse un goberno bipartito e con aquelas cifras é coas que hai que comparar as actuais; non coa situación precaria que se viviu despois. Recorda que naquel primeiro momento deseñouse unha retribución distinta para as asistencias do Alcalde aos órganos colexiados, polo interese del de esperar a conseguir a excedencia no seu posto de traballo. Despois estableceuse a dedicación exclusiva do Alcalde, a do Tenente de Alcalde e a doutros corporativos, que sumaban 159.000 euros. Hoxe a proposta cifrase en 147.000 euros. Ademais xustifícase a diferenza entre as dúas dedicacións parciais porque unha delas leva consigo a Tenencia de Alcaldía, co que decae o primeiro reparo da intervención. As secretarías particulares xa estaban definidas e o que se pretendía é que unha delas tivese maior responsabilidade, incluso con menor retribución, asumindo a comunicación e a secretaria das concellerías delegadas. A secretaria particular do alcalde vai cobrar menos que a do anterior, pasando de 28.000 a 24.000 euros. A segunda persoa de confianza pasa a cobrar agora 12.000 euros fronte aos 14.000, posteriormente incrementados a 17.000, da persoa que ocupaba ese posto no anterior goberno. En total o goberno bipartito sumaba 201.000 euros e o actual do PP, 183.000 euros. Aínda contando o 5 por 100 de desconto acordado polo pleno, segue habendo un aforro. O aforro tamén se produce comparando o que custaba un pleno con todas as súas comisións, uns 9.000 euros, co que custará agora, uns 7.675 euros. Isto supón 16.500 euros de aforro ao ano. Nos grupos aforranse uns 12.000 euros ao ano. Está disposto a aceptar a proposta do grupo mixto sobre as reducións por concelleiro nas asignacións aos grupos. En suma, o aforro total é de 46.500 euros. O portavoz do PSOE pretende comparar as cifras coa última etapa da lexislatura, na que practicamente non había goberno. Asume o que dixo no seu día de que os expedientes teñen que ir completos. Tratará de que así sexa. Pero nunha semana non pode facer o que o goberno anterior non fixo no seu mandato. É certo que se deu o informe de intervención o día anterior ao pleno, pero antes, en ocasións, nin se lles daba. Se comparamos ese informe co de hai catro anos, non hai diferenzas substanciais. Non tratan de causar ningún prexuízo económico ao Concello. Así, no caso da segunda secretaria particular, tratan de que unha praza que xa existía poida desenvolver un traballo maior cunha menor retribución. O Alcalde non quere ser o único que saia da crise. Se ten unha responsabilidade como deputado provincial, como a tivo o portavoz socialista, é porque pretende que o Concello de Nigrán teña un deputado que represente ao partido que goberna. Non sabe canto se cobra por isto. Non acepta que o emprego non sexa unha das preocupacións do goberno. Pola contra é unha prioridade que xa o levou a establecer contactos coas empresas de Porto do Molle. Espera a máxima colaboración nisto e na aprobación do Plan Xeral.

Sr. González Pérez: O Alcalde sabe que ese baile de números non é certo. Tampouco é certo que o goberno socialista non funcionase. O real é un incremento do 26 por 100 na retribución dos órganos de goberno, a pesar de que aseguraron o contrario. De feito o Alcalde ten agora unha retribución superior a que ultimamente percibía o seu antecesor. Os concelleiros tamén deben estar retribuídos polo traballo que fan. Entende que o cambio de denominación desa nova secretaria particular é unha trampa legal para meter á nova responsable de comunicación e evitar a selección, e a tramitación que o interventor di que é necesaria.

Sr. Alcalde-Presidente: Trátase de persoal de confianza. E o único que se cambia é a nomenclatura, para non cambiar as bases. O resultado é máis económico.

Sr. González Pérez: Le a parte do informe da intervención que se refire á tramitación a seguir



para a modificación orzamentaria, coa que darlle cabida á proposta. Pregunta se o que se fai é transformar esa segunda secretaría particular co que xa non poderá levar a comunicación ou a secretaría das concellerías delegadas, senón sería unha trampa.

Sr. Alcalde-Presidente: Trátase de axustarse ao que sinala o orzamento, para ocupar a mesma praza, de xeito que non haxa que facer ningunha modificación. A única diferenza é que o custe será menor.

Sr. González Pérez: Espera que non exerza funcións que non lle corresponden.

Sr. Rodríguez Fernández: Fará a proposta que lle pide o Alcalde. Manter a asignación dos grupos políticos nos 400 euros e rebaixar a compoñente variable de cada membro, cifrándoa en 20 euros. Isto permite manter o aforro pretendido.

Sr. Alcalde-Presidente: En principio non haberá inconveniente en asumilo entendendo que non hai maior custo.

Votación e acordo da petición do Sr. Fernández Comesaña de deixar o asunto sobre a Mesa.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 2; grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP .
- Abstencións: 6; PSOE.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a petición de deixar o asunto sobre a Mesa.

Votación e acordo sobre a emenda do Sr. Fernández Rodríguez.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a emenda ao apartado B.3 da proposta da Alcaldía, que queda redactado nos seguintes termos:

B.3. Asignación para os grupos políticos.

De acordo co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asígnase unha dotación económica aos grupos políticos municipais, que se librará mensualmente, nos seguintes termos e contías:

- Unha parte fixa por importe de **400 euros/mes** para cada un dos grupos políticos municipais.
- Unha compoñente variable, en función do número de membros de cada grupo, por importe de **20 euros/mes** por cada concelleiro do respectivo grupo.

Esta asignación non se pode destinar ao aboamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, nin á merca de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que éste o pida.

Votación e acordo final sobre asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.
- Votos en contra: 6; PSOE.
- Abstencións: 2; grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, á vista de proposta, e trala emenda e a corrección introducidas, o Pleno do Concello aproba o seguinte:

A) DETERMINACIÓN E RETRIBUCIÓNS DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL.

A.1. Dedicacións exclusivas.

1. Titular da Alcaldía. Retribución íntegra anual: 45.000 euros.
2. Titular da Concellería Delegada de Turismo Cultura e Deporte. Retribución íntegra anual: 32.000 euros.
3. Titular da Concellería Delegada de Vías e Obras, Servizos Urbáns e Relacións Veciñais: 32.000 euros.

A.2. Dedicacións parciais.

1. Titular da Primeira Tenencia de Alcaldía e da Concellería Delegada de Urbanismo e Medio Ambiente. Retribución íntegra anual: 22.000 euros.
2. Titular da Concellería Delegada de Benestar Social e Sanidade. Retribución íntegra anual: 16.000 euros.

A.3. Réxime.

As referidas retribucións anuais distribuiranse en catorce mensualidades iguais, doce ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

A dedicación exclusiva implica unha dedicación preferente á xestión municipal, con un equivalente de horas anuais ás que dedican os funcionarios do Concello.

A dedicación parcial supón unha dedicación á xestión municipal equivalente de alomenos a metade da dedicación exclusiva.



Os membros da Corporación con dedicación cotizarán á Seguridade Social pola xornada completa no caso de dedicación exclusiva, e por media xornada no caso de dedicación parcial.

Estes corporativos terán dereito a percibir as indemnizacións por razón do servizo, pero non percibirán indemnización por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados do Concello de Nigrán.

B) INDEMNIZACIÓNS, ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASISGANCIÓN AOS GRUPOS.

B.1. Indemnizacións.

Aplicarase o réxime previsto no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, e as contías correspondes ao grupo 2.

B.2. Asistencias

Por asistencia efectiva a cada unha das sesións ou reunións deliberantes que celebren os órganos colexiados do Concello, os Concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes cantidades:

- Plenos do Concello.....250 euros.
- Xunta de Goberno Local...150 euros.
- Comisións Informativas.....125 euros.

B.3. Asignación para os grupos políticos.

De acordo co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asígnase unha dotación económica aos grupos políticos municipais, que se librará mensualmente, nos seguintes termos e contías:

- Unha parte fixa por importe de 400 euros/mes para cada un dos grupos políticos municipais.
- Unha compoñente variable, en función do número de membros de cada grupo, por importe de 20 euros/mes por cada concelleiro do respectivo grupo.

Esta asignación non se pode destinar ao aboamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, nin á merca de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que éste o pida.

C) NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL.

Os postos de traballo a desempeñar por persoal eventual de confianza serán os seguintes, coas características e retribucións que asimesmo se indican:

1. Secretaría particular da Alcaldía. Xornada completa. Retribución íntegra anual de 24.000 euros.
2. Secretaría particular da Tenencia de Alcaldía. Media Xornada. Retribución bruta anual de 12.000 euros.

Estas retribucións distribuiranse en 14 mensualidades iguais, 12 ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

D) DERROGACION DAS BASES DE EXECUCION DO ORZAMENTO NUMS. 33ª, 34ª E PARCIAL DA 35ª.

Derrogar, a través do procedemento correspondente, ás Bases de execución 33ª (*persoal eventual*), 34ª (*retribucións dos membros corporativos*) e os apartados "A" (*dos cargos electivos*), Subapartados A.1. (*asistencias*), A.2. (*asignación para os grupos políticos*) e A.3. (*indemnizacións por razón do servizo*), da base de execución 35ª (*Axudas de custo e indemnizacións especiais*) do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2009 actualmente prorrogado.

VII.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA

Infórmase ao Pleno dos Decretos correspondentes:

A.- MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENCIA DE ALCALDÍA

Decreto da Alcaldía de 17 de xuño de 2011:

Expediente: Organización Municipal
Número: 2011/025S

A Alcaldía, de conformidade coas atribucións que lle outorga o art. 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local estará integrada, ademais de polo Alcalde-Presidente, polos/as cinco Concelleiros/as que a continuación se indican:

- D. Ignacio Vilas González
- D.ª Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez



- D.^a M.^a José Pino Fernández

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local exercerá as competencias que lle atribúe o art. 23.2 da Lei 7/85, o art. 53 del Regulamento de Organización, e demais disposicións concordantes.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes á data do presente Decreto, de conformidade co disposto no art. 112.1 do citado Regulamento de Organización.

CUARTO.- Nomear primeiro Tenente de Alcalde coas facultades que lle atribúe o art. 47 do Regulamento de Organización e demais disposicións aplicables, ao seguinte membro da Xunta de Goberno Local a:

D. Ignacio Vilas González.

QUINTO.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente os nomeamentos aos designados. Tales nomeamentos publicaranse no boletín oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución, conforme se indica nos arts. 52.4 e 46.1, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986.

B.- DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA

Decreto da Alcaldía de 17 de xuño de 2011:

Expediente: Organización Municipal
Número: 2011/025S

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o art. 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, RESOLVE:

PRIMEIRO: Efectúa -las delegacións especiais que a continuación se indican, nos Concelleiros e Concelleiras que se relacionan:

- 1.1.- Servizo: URBANISMO E MEDIO AMBIENTE
- 1.2.- Concelleiro-Delegado: D. Ignacio Vilas González
- 1.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística.
- Protección do medio ambiente.

- 2.1.- Servizo: ECONOMÍA, FACENDA E CONTRATACIÓN.
- 2.2.- Concelleiro-Delegado: D. Alberto García Pazos.
- 2.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes

que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- As previstas na lexislación reguladora das Facendas Locais.
- As reguladas na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

3.1.- Servizo: **TURISMO, CULTURA E DEPORTE.**

3.2.- Concelleira-Delegada: D.ª Liliana Silva Pequeño.

3.3.- **Ámbito e facultades.** A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Promoción turística do municipio.
- Actividades e instalacións culturais.
- Actividades e instalacións deportivas.

4.1.- Servizo: **EDUCACIÓN E PERSOAL.**

4.2.- Concelleira-Delegada: D.ª Ana Rosa Costas Abalde.

4.3.- **Ámbito e facultades.** A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Cooperación e relacións coa Administración educativa, no marco das competencias municipais.
- Persoal ao servizo do Concello.

5.1.- Servizo: **VÍAS E OBRAS, SERVIZOS URBÁNS E RELACIÓNS VECIÑAIS**

5.2.- Concelleiro-Delegado: D. José Álvarez Valverde.

5.3.- **Ámbito e facultades.** A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Pavimentación de vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais.
- Obras de infraestrutura.
- Servizos de subministro de auga, rede de sumidoiros e alumeado público.
- Servizos de limpeza viaria, de recollida e tratamento de residuos sólidos.
- Parques e xardíns.
- Relacións coas entidades veciñais e participación cidadá.

6.1.- Servizo: **BENESTAR SOCIAL E SANIDADE.**

6.2.- Concelleira-Delegada: D.ª M.ª Carmen Alonso-Macías Jorreto

6.3.- **Ámbito e facultades.** A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:



- *Prestación dos servizos sociais e de reinserción social.*
- *Protección da salubridade pública, atención primaria da saúde.*
- *Cemiterios.*

7.1.- *Servizo: PROMOCIÓN EMPRESARIAL, EMPREGO E COMERCIO.*

7.2.- *Concelleira-Delegada: D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez.*

7.3.- *Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:*

- *Promoción das actividades empresariais.*
- *Promoción do emprego.*
- *Promoción das actividades comerciais.*

8.1.- *Servizo: PATRIMONIO, IGUALDADE E XUVENTUDE.*

8.2.- *Concelleira-Delegada: D.ª M.ª José Pino Fernández.*

8.3.- *Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:*

- *Patrimonio municipal.*
- *Promoción da muller*
- *Actividades xuvenís e de ocupación do tempo libre.*

SEGUNDO.- Determinar que as presentes delegacións produzan efecto desde o día seguinte ó da data deste Decreto, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da provincia e de dar conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.